



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, PARA A CREACIÓN DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL “CÁTEDRA S.X.D. GALICIA ACTIVA”.

A Fundación Deporte Galego foi constituída pola Xunta de Galicia, como fundación de interese galego para o fomento do deporte e a práctica deportiva no seu ámbito de actuación estando adscrita á Secretaría Xeral para o Deporte.

Servindo ao interese xeral de Galicia, a Fundación Deporte Galego ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia, comprendéndose nestes ámbitos tanto as actividades deportivas competitivas como calesquera outras vertentes do eido deportivo e da actividade física, como son os ámbitos educacional, a saúde ou, entre outros, os ligados á vertente económica do deporte e ás súas funcións sociais.

Así, a Fundación Deporte Galego traballa polo fomento da práctica deportiva e da actividade física, entendendo que é de interese público a creación de hábitos de vida activos na poboación galega. Ademais a inactividade física converteuse nun dos factores de risco para enfermidades crónicas non transmisibles e esta evidencia está en continuo desenvolvemento e en profunda análise. Desta forma, e fundamental favorecer a divulgación dos beneficios dos estilos de vida fisicamente activos, contribuír a formar profesionais cualificados, fomentar a investigación e transmisión de coñecementos e realizar tarefas de investigación relacionadas coas medidas do Plan Galicia Saudable

A Universidade da Coruña (no sucesivo,UDC) é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación, á vista de estas finalidades é posible a colaboración co obxecto de fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación e a cultura en xeral, mediante a creación dunha cátedra, de acordo co Regulamento para a creación e xestión das cátedras e aulas institucionais da Universidade da Coruña, aprobado no Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2013.

Como obxectivos estratéxicos da Cátedra destacan os seguintes:

- a) Favorecer a divulgación dos beneficios da adopción de estilos de vida fisicamente activos entre a poboación galega
- b) Contribuír a formación de profesionais cualificados para incrementar os estilos de vida fisicamente activos.





- c) Fomentar a investigación e transmisión de coñecementos en materia de actividade física como instrumento para a prevención das enfermidades crónicas non transmisibles e dos seus factores de risco.
- d) Asesorar na implementación, o seguimento e a avaliación das medidas do Plan Galicia Saudable e no establecemento de prioridades de intervención.
- e) Desenvolver tarefas de investigación relacionadas coas medidas do Plan Galicia Saudable e de observación das conductas sobre actividades física e sedentarismo da poboación galega.

Orzamento

Esta "Cátedra S.X.D. Galicia Activa" financiarase a través da transferencia anual da Secretaría Xeral para o Deporte a Fundación Deporte Galego (Capítulo IV. Transferencias correntes. Concepto orzamentario 44300) na que se garante que existen fondos axeitados e suficientes.

A Fundación Deporte Galego financiará a totalidade da Cátedra, coa partida orzamentaria (5. Outros Gastos) do seguinte xeito:

- **Anualidade 2023:** 20.000 €
- **Anualidade 2024:** 20.000 €
- **Anualidade 2025:** 20.000 €
- **Anualidade 2026:** 20.000 €

Circunstancias que imposibilitan a concurrencia

Polo exposto, a Fundación Deporte Galego traballa polo fomento da práctica deportiva e actividade física, entendendo que é de interese público a creación de hábitos de vida activos na poboación galega. Ademais a inactividade física converteuse nun dos factores de risco para enfermidades crónicas non transmisibles e esta evidencia está en continuo desenvolvemento e en profunda análise. Desta forma, e fundamental favorecer a divulgación dos beneficios dos estilos de vida fisicamente activos, contribuír a formar profesionais cualificados, fomentar a investigación e transmisión de coñecementos e realizar tarefas de investigación relacionadas coas medidas do Plan Galicia Saudable.

Sendo o propósito da cátedra o desenvolvemento de actuacións encamiñadas ao fomento de estilos de vida fisicamente activos na poboación de Galicia, e axeitado ter en conta ás universidades galegas para levar a cabo este obxectivo. No sistema universitario de Galicia, a Universidade de





Vigo e a Universidade da Coruña son as únicas que teñen o grao en ciencias da actividade física e o deporte.

As memorias do Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte destas universidades mostran que o da Universidade da Coruña é a única que se axusta aos propósitos da Fundación Deporte Galego coa creación desta cátedra. Asemade, de acordo coa liña estratéxica impulsada pola Xunta de Galicia, entroncada na estratexia europea 2020, as universidades galegas crean os campus especializados, o que supuxo a creación da area de deporte saudable do campus de sustentabilidade pola Universidade da Coruña.

O principal cometido da Cátedra é a análise do Plan Galicia Saudable e a planificación das actuacións vindeiras, así como a avaliación da condición física saudable nos diferentes grupos de idade. Dende a creación do plan, os membros do grupo de investigación Performance and Health Group (PH-G) da Universidade da Coruña colaboran individual e colectivamente no desenvolvemento das actuacións do Plan Galicia Saudable. Neste sentido, contratouse a varios dos profesores deste grupo para a realización de probas piloto e accións de formación relacionadas con Plan.

Deste xeito, a memoria do título do Grao, a especialización no campus Sostible, o coñecemento do plan, a experiencia en diversos ámbitos dos seus membros, e a variedade de produción científica fan que o grupo da universidade da Coruña sexa o único que poida desenvolver a actividade de xeito axustado para o cumprimento dos obxectivos plantexados

Pagamento

O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar acabo as actuacións inherente á subvención. Pola propia natureza das actuacións subvencionadas está xustificada a utilización de pagamentos anticipados, ditos pagamentos poderán ser de ata o 100% de cada anualidade autorizada no orzamento, dividida en 2 pagos.. Os pagamentos realizaranse da seguinte forma:

- Un primeiro pagamento, de ata un máximo do oitenta por cento (80%) da contía total da anualidade, tramitarase trala sinatura do convenio, e previa solicitude da UDC.
- Un segundo, equivalente ao tanto por cento restante, librarase unha vez xustificado o primeiro anticipo.





Calquera modificación da contía asinada aplicarase despois de ter percibido o primeiro anticipo e será incluída na xustificación do segundo pago.

A UDC está exenta da obriga de prestar garantías para os pagamentos a conta e anticipados, de conformidade co disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O presente expediente deberá someterse aos informes previstos no artigo 18.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Segundo indica o artigo 40.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 30 de xuño, de transparencia e bo goberno na Administración pública galega, a aprobación do convenio requirirá de autorización previa polo Consello da Xunta de Galicia, por ser plurianual.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

O Secretario Xeral para o Deporte

Jose Ramón Lete Lasa

